



PLAN DIXITAL

Sta. María de Tui 22-23

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

Código de Centro: 36019876

CPR Santa María de Tui.

r/ Maristas s/n 36700 TUI.

www.maristastui.org

cpr.santamaría.tui@edu.xunta.gal

ALUMNADO

Etapa	Nº
INFANTIL	66
PRIMARIA	141
SECUNDARIA	111
TOTAL	318

PROFESORADO:

Etapa	Nº
INFANTIL	3
PRIMARIA	7
SECUNDARIA	8
Ed. ESPECIAL	3
TOTAL	21

COMPOSICIÓN DO CENTRO:

Etapas	Nº
II Ciclo de Ed. INFANTIL	3
Ed. PRIMARIA	6
Ed. SECUNDARIA	4
Ed. ESPECIAL	1

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

- **Característica socioeconómicas e culturais do contexto do centro**

O Colexio Marista “Santa María” de Tui está ubicado nunha das zonas de máis recente construción deste concello. Trátase dunha área de extensa poboación cun nivel socioeconómico medio.

O concello de Tui dispón dun gran número de recursos didácticos e culturais dos que o noso centro se pode beneficiar, tales como:

- Teatro

- Biblioteca municipal
- Museo
- Catedral e claustro
- Parque natural do “Monte Aloia”
- Gran variedade de igrexas
- Barrio xudeu
- Conservatorio
- Salas de exposicións
- Pavillóns polideportivos
- Centros culturais das parroquias
- Río Miño e as súas ribeiras ..

Sendo este un concello fronteirizo con Portugal tamén se pode enriquecer dos seus recursos.

É un centro aberto ao entorno: ao Concello, aos pais (AMPA)... onde teñen cabida actividades nas que pode participar toda a comunidade educativa tales como: actos culturais, celebracións, Día das Letras Galegas, festas, grupo MarCha, etc.

A maioría das familias dos nosos alumnos teñen unha formación académica básica aínda que existe tamén un bo número con formación media e superior. Abundan as profesións referidas a empregados no sector de obras e servizos, funcionarios e algunhas familias de profesións liberais.

Predominan as familias onde conviven os pais cun ou varios fillos. Cada vez son máis frecuentes outros tipos de situacións familiares, o que leva nalgúns casos a unha deixadez no seguimento do proceso educativo dos seus fillos.

Tendo en conta que en moitos casos os pais traballan fóra da casa, os avós e coidadoras teñen un papel importante no coidado dos nenos.

As familias do noso alumnado usan de maneira habitual as ferramentas de comunicación baseadas nas TIC, acceden á web colexial e utilizan o portal de comunicación.

- ***Incardinación e contribución do PD ao Proxecto Educativo. Relación con outros Plans e proxectos do centro: traxectoria no ámbito das novas tecnoloxías, programas de innovación nos que participa,***

Consideramos que existen razóns de peso para que o noso Centro siga dotándose de recursos técnicos, que permitan aumentar a presenza das novas Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC) nos procesos de ensinanza-aprendizaxe e na nosa xestión administrativa.

Aínda que o noso centro evolucionou considerablemente no uso das TIC, xa que están integradas na nosa práctica docente de forma bastante xeneralizada, recoñecemos que queda percorrido por facer. As circunstancias da pandemia puxeron en valor a necesidade de formación, para unha maior utilización das TIC, dentro e fora do ámbito escolar.

Entre os obxectivos xerais do proxecto educativo de centro resaltamos:

- Estar atento a todo o que favorece un servizo de calidade, nunha presenza afín á realidade que lle rodea, e na creación dun ambiente de colaboración e apertura como bases dunha educación integral.

Este modelo atópase no Carácter Propio, na Concreción Curricular e nos Proxectos Curriculares das Etapas que se imparten no Colexio.

De ahí que o Plan Dixital sexa unha constante de mellora no noso centro.

● **Contribución do PD á Programación Xeral Anual do curso 22/23.**

Temos que facer, sen dúbida, referencia ao Marco de Referencia da Competencia Dixital Docente, no que se definen áreas, competencias, etapas, niveis e indicadores de logro. As áreas 3, 4 e 5 apuntan directamente ao proceso de ensinanza-aprendizaxe, avaliación e retroalimentación e o empoderamento do alumnado e a inclusión, eixe vertebrados do modelo educativo marista para o vindeiro trienio. De esta forma é imprescindible:

- Integrar nas programacións didácticas o uso das tecnoloxías dixitais, de forma creativa, segura e crítica para mellorar a eficacia da práctica docente.
- Xestionar e coordinar adecuadamente as intervencións didácticas dixitais, asegurando o funcionamento dos dispositivos, recursos e servizos durante a implementación da programación didáctica.
- Utilizar as medidas e servizos dixitais, cumprindo coas medidas de seguridade e protección de datos, para mellorar a interacción individual e colectiva co alumnado, dentro e fora das sesións de aprendizaxe.
- Seleccionar a utilizar tecnoloxías dixitais seguras para mellorar a aprendizaxe do alumnado a través da colaboración.
- Proporcionar estratexias ao alumnado para utilizar as tecnoloxías dixitais de comunicación e cooperación co fin de enriquecer os procesos de aprendizaxe e desenvolver a súa capacidade de aprender a aprender entre iguais.
- Utilizar as tecnoloxías dixitais para favorecer no alumnado a metacognicións, a través da reflexión sobre a propia aprendizaxe e o desenvolvemento de accións para mellorar a aprendizaxe.
- Utilizar as tecnoloxías dixitais para atender as diferenzas entre o alumnado, garantindo os seus dereitos dixitais, de forma que todos poidan alcanzar os obxectivos de aprendizaxe.

1.3. Breve xustificación do mesmo

● **Contextualización normativa en relación co Plan Dixital do noso centro:**

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022.
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022.
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.

- Resolución do 4 de maio de 20022, da Dirección Xeral de Avaliación e Cooperación Territorial, pola que se publica o Acordo da Conferencia Sectorial de Educación, sobre a actualización do marco de referencia da competencia dixital docente.

1.4. Proceso de elaboración

Para a realización do Plan Dixital, o equipo TIC colexial formado por Ana Isabel Álvarez Alonso (Coordinadora TIC) , Jorge Álvarez Senra (Coodinador de Comunicación), Begoña Rodríguez Pérez, Rosa María Rey Couto y José Antonio Soutelo Muñoz, foi o designado polo Centro para esta tarefa.

Neste equipo están representadas todas as etapas colexiais. O traballo foi dirixido por Jacob Seijas Cal, mentor dá Consellería.

Fíxose de maneira colaborativa utilizando para iso a plataforma Moodle Colexial <http://aula.tui.maristascompostela.org/> e as unidades compartidas de Google Workspace.

Partindo da análise inicial, estudo e contextualización do cuestionario realizado a través da ferramenta Selfie, realizouse un DAFO no que se concretaron as Debilidades e Fortalezas do noso Centro así como as Amenazas e Oportunidades. Dese análise surxiron os obxectivos e accións a desenvolver de cara a o próximo curso.

O Claustro colaborou coa realización do Selfie e a realización doutros cuestionarios TIC.

O Plan, aprobarase no último claustro, xuño 2021, previa aprobación do Equipo Directivo e o Consello Escolar do Centro.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- **Descrición xeral acerca da infraestrutura dixital do centro: conectividade, infraestruturas de voz e de datos (conexións cableadas e sen fíos).**
 - Conectividade Wi-Fi en todo o Centro. Acceso a Internet con conexión alámbrica e inalámbrica de calidade.
- **Equipamento dispoñible e identificación dos usos segundo as seguintes categorías: aulas dixitalizadas, proxecto E-Dixgal, equipos de xestión e administración, uso na biblioteca, equipos para uso nas salas de profesorado e departamentos, equipos ultraportátiles para aula móbil, aulas de informática e dotacións para proxectos específicos.**
 - Lousas Dixitais en todas as aulas dende EI ata a ESO
 - Chromebooks para traballar en cooperativo, con acceso a Internet.
 - Dúas aula de informática de 25 postos cada unha.
 - Ordenadores Abalar (obsoletos) nun curso de EP.
- **Servizos dixitais educativos: servizos corporativos ou non corporativos que facilitan a xestión docente (páxina web do centro, aula virtual, Agueiro, E-Dixgal, espazoAbalar, Abalarmóbil,...).**
 - Páxina web de Centro www.maristastui.org
 - Aula Virtual Moodle: <http://aula.tui.maristascompostela.org/>
 - Comunicación e Xestión: Plataforma Globaleduca.
 - Presentica en RRSS: Twitter e Facebook.

- Intranet Sharepoint: dependente da plataforma de comunicación.
 - Edelvives Dixital: recursos dixitais para o ensino.
 - Microsoft 365 e ferramentas asociadas.
 - Google Workspace Plus e ferramentas asociadas.
- **Xestión do mantemento do equipamento do centro.**
 - **Sistemas de Incidencias Tecnolóxicas**
No Drive colexial, con acceso a todo o persoal, hai un espazo para notificar as incidencias tecnolóxicas, chegando un aviso á Administración e a Equipo de Mantemento do Centro.
 - **Enlaces a protocolos do centro relacionados coas TIC (Plan de continxencia, por exemplo).**
 - **Plan de Protección de Datos e Ciberseguridade:**
Todos os aspectos relacionados coa seguridade na rede e contrasinais seguras, e protocolos correspondentes:
 - **Plan de Incidencias.**
 - **Plan Estratéxico Colexial.**
 - **Base de datos Provincial de Formación.**
 - **Plan Ecosocial:** economía circular, aforro enerxético e sostenibilidade dos consumibles.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE información do **resumo das áreas** do informe SELFIE de cada etapa educativa na seguinte táboa:

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	3,7	4			
	Profesorado	-	3,4			
	Alumnado	-	-			
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3,3	4,2			
	Profesorado	-	3,4			
	Alumnado	3,7	3			
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	4,7	4,1			
	Profesorado	-	4			
	Alumnado	4,2	3,8			
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	4,3	4			
	Profesorado	-	3,4			
	Alumnado	-	-			
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	4	4,4			
	Profesorado	-	4,1			
	Alumnado	-	4,3			
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3,4	3,5			
	Profesorado	-	3,4			
	Alumnado	3,2	3,4			
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	3	3,1			
	Profesorado	-	3			
	Alumnado	-	2,8			
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3,8	3,8			
	Profesorado	-	3,8			
	Alumnado	4	3,5			

Test CDD: información recollida nas táboas 1.3, 2.1, 2.2 e 2.3 do informe grupal do TestCDD de centro. Hai que resaltar que os resultados non dixan de ter un valor estimativo, posto que é unha auto avaliación do profesorado, que ten o valor indicativo pero de ningún xeito serve para facer comparanzas entre os centros e incluso no propio centro.

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	19	21	90,5%
SUBSTITUTO	0	3	0%

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
68,4	B1	76,4	B1

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
INFAN	56,5	A2	68,2	B1
PRIM	60,5	A2	77	B1
ESO	74,5	B1	79,2	B1
ENR	74	B1	75,4	B1

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
Explorador/a (A2)	9	47,4%
Integrados/a (B1)	9	47,4%
Experto/a (B2)	1	5,3%
TOTAL	19	100,1%

Outras fontes:

A memoria do Plan Anual TIC reflectido na PXA 2021-2022

2.3. Análise DAFO

[Recomendacións para este apartado]: A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	Infraestructura adecuada, fiable e segura que permite e facilita o emprego de prácticas innovadoras de ensinanza-aprendizaxe e avaliación. Lousas Dixitais en todas as aulas dende EI ata a ESO. Servicio interno e externo para atender as diferentes situación que poidan acontecer. Chromebooks para traballar en cooperativo, con acceso a Internet.	

		Ordenadores a disposición do profesorado. Dúas aula de informática de 25 postos cada unha. Acceso a Internet con conexión alámbrica e inalámbrica de calidade.	
	PERSOAL DOCENTE	Claustro moi estable. Trato familiar e cercano tanto coas familias como co alumnado. O profesorado está en constante formación para adaptarse ás necesidades do alumnado e á evolución da tecnoloxía. Plataforma de Comunicación Dixital entre familia e colexio.	Falta de tempo para preparar actividades innovadoras en horario escolar. Deixar de utilizar Moodle en favor de Classroom. Complexidade da realidade educativa. O sistema de avaliación debe mellorar para que o alumnado sinta que a avaliación é persoal e auténtica.
	PERSOAL NON DOCENTE	Plataforma de Comunicación Dixital entre familia e colexio. Correos electrónicos institucionais para a comunicación interna.	Baixo nivel de competencia dixital no manexo de ferramentas dixitais nunha parte do persoal de administración y servicios, sobre todo limpeza.
	ALUMNADO	Uso responsable, por parte do profesorado, das novas tecnoloxías. Correos electrónicos institucionais con aulas virtuales para todo alumnado do centro.	Non uso de Software Libre. Mellorar a participación e colaboración do alumnado na práctica da ensinanza-aprendizaxe. Mellorar o xeito de compartir as experiencias de aprendizaxe colaborativo online. Uso pouco responsable, por parte do alumnado, das TIC, sobre todo das RRSS.
	FAMILIAS	Resolución de dúbidas ás familias sobre o manexo da plataforma de comunicación, as aulas virtuais... e colaboración con trámites electrónicos de becas.	Non uso de Software Libre. Baixo nivel de competencia dixital no manexo da plataforma de comunicación.
	OFERTA	Xestión de servicios complementarios de centro a través da plataforma de comunicación.	
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	Estructura de unidades compartidas en Drive vinculadas aos correos institucionais que favorecen a comunicación e traballo en rede.	

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	Incentivo para a mellora da calidade educativa.	Moita burocracia.
	LEXISLACIÓN	Administración educativa interesada no seu desenvolvemento.	Cambio de lei educativa ou modificacións ao longo do mesmo curso. Cambios normativos importantes sen tempo para a reflexión. Que o cambio metodolóxico pase de ser unha boa práctica educativa a ser unha moda.
	CONTORNA		
	ANPA	Boa relación e actitude de colaboración na mellora de recursos do centro.	
	OUTRAS ENTIDADES	Posibles subvencións para a dixitalización no marco das axudas europeas.	

3. Plan de Acción

Con independencia das necesidades ou propostas de mellora suxeridas, en cada curso escolar o Plan de Acción deberá ter en conta os recursos materiais e humanos no momento de elaboración do Plan Dixital. Incidirase en obxectivos que supoñan unha mellora relativa do uso que se fai dos recursos dispoñibles, tendo en conta que o catálogo dos mesmos está en constante evolución.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Plan de Acción a partir da análise DAFO:

Establécense áreas prioritarias que determinan os obxectivos, que teñen que ser específicos, medibles, alcanzables, relevantes e axustados a un marco temporal, que queremos conseguir.

Os obxectivos estarán contextualizados a áreas de mellora en relación coas do marco DigCompOrg.

Para cada obxectivo cumprimentarase **unha táboa** que recollerá toda a información (de ónde partimos, a ónde queremos chegar, accións para conseguir cada obxectivo, responsables dos mesmos, temporalización e recursos). Esta mesma táboa será a empregada para facer o seguimento de cada obxectivo.

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas.

NECESIDADES DE MELLORA	ESPAZO	DOTACIÓN	FINALIDADE
EQUIPAMENTO	Sala de Profesores, Salas de Traballo e Biblioteca	5 PC's de nova xeración.	Renovar os Equipos Obsoletos, para traballo de profesorado.
	Aula móbil	25 Chromebooks	Dotar ao alumnado de recursos para poder traballar en calquera punto do centro.
	Aula de Informática	25 cascos	Dotar ao alumnado do material necesario para traballar neste espacio.
	Aula de Informática	25 micrófonos	Dotar ao alumnado do material necesario para traballar neste espacio.

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

"Área/s de mellora": INFRAESTRUCTURA E EQUIPOS (C)						
1. OBXECTIVO :	Conseguir Equipamento para o Centro				Acadado	
RESPONSABLE:	EQUIPO DIRECTIVO e EQUIPO TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Solicitar equipamento dentro do marco de axudas da Xunta de Galicia. Conseguir equipamento específico para a Aula de Informática					
Valor de partida	0					
Valor previsto e data	1 solicitude. Conseguir Equipamento: 30 micrófonos e 30 Auriculares para os PC's da Aula de Informática.			Xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Buscar axudas para Equipamento Tecnolóxico do Centro	EQUIPO DIRECTIVO e EQUIPO TIC	31/12/2022	INTERNET E EQUIPOS INFORMÁTICOS AXUDAS DA XUNTA		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Solicitar de axudas para Equipamento	EQUIPO DIRECTIVO e EQUIPO TIC	O ESTABLECIDO EN CADA SUBVENCIÓN	DESPACHO		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Presentar as axudas e subvencións dentro do prazo establecido	EQUIPO DIRECTIVO e EQUIPO TIC	O ESTABLECIDO EN CADA SUBVENCIÓN	INTERNET E/OU EQUIPOS INFORMÁTICOS		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.4: Valorar a concesión ou non das axudas	EQUIPO DIRECTIVO e EQUIPO TIC	30/06/2023 OU NO PLAZO ESTABLECIDO NA RESOLUCIÓN DA AXUDA	DESPACHO		Realizada	
					Aprazada	

solicitadas e reclamar se é preciso					Pendente
-------------------------------------	--	--	--	--	----------

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

"Área/s de mellora": cCOMPETENCIA DIXITAL DO ALUMNADO (H)						
1. OBXECTIVO :	Fomentar o comportamento responsable, seguro e crítico coa información obtida en Internet.				Acadado	
RESPONSABLE:	Os titores				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Realizar unha titoría por curso, fomentado este comportamento responsable.					
Valor de partida	0					
Valor previsto e data	Que o 50% dos titores realicen estas titorías			Xuño de 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Facer unha valoración das necesidades de formación do alumnado no comportamento responsable das redes	O equipo TIC	Mes de Setembro	Sala TIC		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Elaborar as titorías para E.infantil	O equipo TIC	Outubro	Sala TIC		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

A01.3: Elaborar as titorías para E. Primaria	O equipo TIC	novembro	Sala TIC		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.4: Elaborar as titorías para E. Secundaria	O equipo TIC	decembro	Sala TIC		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A015: Presentar as titorías no claustro	O equipo TIC	Xaneiro	Sala de claustros		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.5: Recoller a opinión dos titores	O equipo TIC	Xuño	Sala de claustros		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

"Área/s de mellora": PEDAGOXÍA : APOIOS E RECURSOS (E)						
1. OBXECTIVO:	Implementar na aula procesos de avaliación e apoio con recursos dixitais compartidos para o ensino e a aprendizaxe				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Que exista unha carpeta de Rubricas como recurso compartido en Drive. Que exista unha carpeta de Recursos Dixitais como recurso compartido en Drive.					
Valor de partida	0 carpetas compartidas en DRIVE					
Valor previsto e data	2 carpetas compartidas en DRIVE con, polo menos 10 rúbricas e acceso a 4 Recursos Dixitais.			Novembro de 2022		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Informar aos profesores do plan dixital para o curso 22-23	Xefatura de estudos Equipo TIC	1ª Reunión de Claustro	Plan de acción dixital Lousa Dixital e Ordenador 1 sesión		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Recoller do profesorado cales son as rúbricas máis utilizadas.	Equipo TIC	Setembro 2022	Listado de Rúbricas		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Solicitar á CCP a revisión das Rúbricas máis utilizadas	CCP Equipo TIC	1ª Reunión de Equipos	Entrega das rúbricas máis empregadas polo profesorado		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

AO1.4: Facer unha carpeta no Drive para Compartir estes recursos.	Equipo TIC	Outubro 2022	Un ordenador		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.5: Definir nunha Reunión TIC as aplicacións máis útiles para o profesorado.	Equipo TIC	1º Reunión de Equipos	Un ordenador		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.6: Facer unha carpeta con aplicacións dixitais de uso común	Equipo TIC	Outubro 2022	Un ordenador		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.7: Informar ao claustro das carpetas de recursos postas en Drive	Equipo TIC	Novembro 2022	Sala de Claustros		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

"Área/s de mellora": DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL CONTINUO (D)							
1. OBXECTIVO:	Proporcionar ao profesorado tempos de aprendizaxe de software útil para as clases así como para a preparación de actividades					Acadado	
RESPONSABLE:	EQUIPO DIRECTIVO e EQUIPO TIC					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Facer tres formación TIC ao longo do curso						
Valor de partida	0 formacións						
Valor previsto e data	3 formacións TIC					Xuño 2023	
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS		SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
					VALORACIÓN DA ACCIÓN		ESTADO
AO1.1: Decidir e elaborar nunha reunión TIC as micro sesións que son necesarias.	Equipo TIC	1ª Reunión de Equipos	Cuestionario realizado no curso 21-22 sobre necesidades de formación do profesorado.			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO1.2: Presentar estas micro sesións ao Equipo Directivo e á CCP	Coordinador/a TIC	Setembro 2022	Micro sesións			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO1.3: Elixir as persoas axeitadas para levar a cabo estas micro sesións	Equipo TIC	2ª Reunión de Equipos	Micro sesións			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	

AO1.4: Realizar estas micro sesións, unha por trimestre	Equipo TIC	Xuño 2023	Sala de Claustro. Sala de Informática.			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO1.5: Realizar un Cuestionario de avaliación das sesións formativas e propostas de novas formacións	Equipo TIC	Xuño 2023	Cuestionario Ordenador.			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

"Área/s de mellora": INFRAESTRUCTURA E EQUIPOS (C)							
1. OBXECTIVO :	Conseguir subvencións para a dixitalización no marco das axudas europeas					Acadado	
RESPONSABLE:	EQUIPO DIRECTIVO					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Solicitar subvencións no marco das axudas europeas para a compra de material dixital e tecnolóxico						
Valor de partida	0						
Valor previsto e data	1 solicitude				Xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN		ESTADO	
AO1.1: Propoñer ó ED a búsqueda de axudas e subvencións publicadas para comprar material dixital.	EQUIPO DIRECTIVO	31/12/2022	INTERNET E EQUIPOS INFORMÁTICOS			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	

AO1.2: Estudiar a viabilidade de solicitar as axudas atopadas	EQUIPO DIRECTIVO	O ESTABLECIDO EN CADA SUBVENCIÓN	DESPACHO		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Presentar as axudas e subvencións dentro do prazo establecido	EQUIPO DIRECTIVO	O ESTABLECIDO EN CADA SUBVENCIÓN	INTERNET E/OU EQUIPOS INFORMÁTICOS		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.4: Valorar a concesión ou non das axudas solicitadas e reclamar se é preciso	EQUIPO DIRECTIVO	30/06/2023 OU NO PLAZO ESTABLECIDO NA RESOLUCIÓN DA AXUDA	DESPACHO		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

4. Avaliación do plan

A avaliación do Plan corre a cargo do Equipo TIC e do Equipo Directivo.

Para a avaliación do mesmo, contarase coa información que lle sea facilitada polo Equipo Directivo, os titores e a CCP.

Os aspectos a valorar na **avaliación procesual**, que se realizará como mínimo tres veces ao ano, incluírán:

- estado da execución das accións
- a análise e valoración dos resultados, e, de ser o caso,
- modificacións das accións, e
- propostas de mellora

Ao remate do curso, na **avaliación final**, que se realizará unha vez a o ano, incluíranse os seguintes aspectos:

- valoración do logro dos obxectivos.
- propostas de mellora.

Esta avaliación final servirá, para informar ao Claustro de Profesores e ao Consello Escolar, da evolución dos obxectivos programados para o curso, para a redacción da Memoria Anual do Equipo TIC e tamén para o desenrolo de novas propostas para o novo Plan Anual TIC, que se realiza cada curso.

5. Difusión do plan

No contexto do Plan de Comunicación Colexial, o Equipo de Comunicación velará para que as accións acometidas no Plan Dixital sexan coñecidas por medio das RRSS do Centro.

Ademáis temos que ter ne conta:

- A presentación ao Consello Escolar na última reunión do curso actual.
- A publicación do mesmo na Intranet Colexial.
- Á CCP e ao ED como corresponsables da dinamización do plan entre o profesorado, a través das reunións de claustros e de etapas, así como de Equipos de Traballo.